

Campaña 2011 pola **Obxección Fiscal** aos Gastos Militarizados

Un ano máis, dende o Espazo Aberto Antimilitar continuamos cuestionando a existencia do exército como institución. Tentando manter o debate sobre a súa utilidade e conveniencia, os seus fins e a súa realidade, e denunciando a crecente militarización da sociedade, así como o desproporcionado gasto humano e económico que supón o seu mantemento.

Nun contexto como o actual, de recortes tanto de dereitos, coma de investimentos en certos ámbitos (eliminación de subsidios, redución de pensións, perda de poder adquisitivo, etc.) o estado español gastará no ano 2011 uns 2.006 millóns de euros só en armamento; o equivalente a manter 421.910 pensións mínimas todo un ano. Pero en total, os orzamentos militares para o ano 2011 no estado español ascenden a 17.244 millóns de euros. Unha inversión un 5% menor á do ano 2010, pero que vén a representar o 4,8% do presuposto total do estado. Un dato que, ademais, debemos confrontar co descenso noutros ministerios, onde se chega a un 15,6% de recortes. E sen esquecer que, un ano tras outro, no sector militar os investimentos finais superan dun xeito significativo o orzamentado (sobre un 10% maior).

Pero o problema dos gastos militares non é unicamente o desvío cara a esta finalidade de fondos (procedentes, non o esquecemos, do noso traballo) que poderían estar sendo investidos en obxectivos socialmente desexables, senón tamén o emprego que en si mesmos van ter. O Exército continúa a ser, e así será porque está na súa esencia, unha ferramenta dos Estados para intervir noutros territorios, mediante a súa participación en guerras ou ocupacións, de cara a defender e fortalecer os intereses económicos da clase dominante. Aos pasados exemplos de Iraq ou Afganistán, sumamos na actualidade o caso de Libia. Ocupacións todas elas de territorios xeoestratéxicos e enerxeticamente cobizados, disfrazadas de supostas intervencións "humanitarias" que profundan o empeoramento das condicións de vida da poboación civil (cando non provocan directamente a súa morte).

Porén, a actuación do exército non se limita ao exterior das fronteiras legais do Estado, senón que, sumándose ás restantes forzas de represión, é empregado para controlar tamén á poboación propia. Unha realidade esta que, se ben xa a vivimos recentemente coa militarización do espazo aéreo tras a declaración do Estado de Alarma en decembro do ano pasado, farásenos cada vez máis presente nun contexto de crise permanente e degradación universal onde a dominación pretende saír reforzada a toda costa.

Deste xeito, a oposición á persistencia dos exércitos, e ao militarismo en xeral, faise especialmente urxente nestes momentos. E a obxección fiscal é unha das ferramentas para facelo. Porque nos negamos a que un euro máis vaia dirixido a alimentar esta maquinaria.

Vigo, abril 2011

Eles non o farán, fagámolo nos: **Recortemos o**

50
MILLONS
de EUROS
cada DÍA

GASTO MILITAR



Campaña 2011 pola **Obxección Fiscal** aos Gastos Militarizados

[e s p a z o a b e r t o
a n t i m i l i t a r]

www.nonaogastomilitar.org

Sente a Roja...

**A cor do sangue das persoas civís
asasinadas, torturadas ou mutiladas
con armas vendidas desde o estado español,
sexto exportador mundial de armamento.**

Destinos das vendas de material militar ou de "duplo uso": principalmente Marrocos, Alxelia e Bahreín, e outros onde tamén existen conflitos armados ou se producen graves violacións dos dereitos humanos: Colombia, Tailandia, Sri Lanka, EEUU ou Israel.

Que é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar?



É unha campaña antimilitarista proposta desde 1982, e levada a cabo por varios miles de persoas todos os anos. Consiste en, á hora de facer a declaración da renda, desviar a parte proporcional dos impostos que se destinan ao gasto militar, a proxectos que traballan na construción dunha sociedade máis xusta e desmilitarizada.

Por que é necesaria hoxe día?


É necesaria mentres sigan existindo exércitos e corpos represivos. Mentres siga existindo a represión, as guerras e as ocupacións de territorios.



Cal é a súa finalidade política?



Ser unha ferramenta de desobediencia na loita contra o militarismo. Facendo a Obxección Fiscal amosamos o rexeitamento social que ten o gasto militar en particular e o militarismo en xeral, ao mesmo tempo que nos solidarizamos con outras loitas anticapitalistas.



Ministerio de Defensa:	8.560,09	millons
Garda civil:	2.790,96	"
Créditos I+D militar:	770,71	"
Clases pasivas militares:	352,15	"
Instituto Social Fuerzas Armadas:	624,89	"
Organismos militares internacionais:	9,82	"
Intereses déveda por gasto militar:	1.209,26	"
Total GASTO MILITAR:	17.217,88	millons
Sanidade:	4.254,00	millons
Ministerio de Educación:	2.840,58	millons
Servizos Sociais:	2.515,00	millons
Ministerio de Cultura:	789,30	millons

Onde van os cartos desviados?

Cos cartos desviados apóiase a distintos colectivos, movementos ou loitas transversais á antimilitarista, como poden ser as loitas antidesenvolvementistas ou as antirrepresivas, entre outras, que procuren a transformación radical da sociedade.



Ti escolles cal, aínda que sempre vos facemos unhas propostas:



Pola protección da serra do GALIÑEIRO

Campana impulsada por diversos colectivos en defensa da serra do Galiñeiro fronte aos numerosos proxectos desenvolvementistas que a ameazan. A súa actividade está fundamentalmente centrada nestes momentos na oposición á instalación dun parque eólico planificado nesta área.

+info: www.serradogalinheiro.org


Ferrocarril Clandestino



Unha rede de apoio e acción en común fronte a inxusta política migratoria europea que nega os dereitos fundamentais a aqueles que inmigran, colocándolles en situacións de extrema vulnerabilidade.

Un movemento con todos aqueles, individuos ou grupos, que con independencia da súa orixe, senten a urxencia de actuar fronte ás formas cada vez máis brutais de discriminación e arbitrariedade que está xerando o réxime de fronteiras.

+info: www.transfronterizo.net



Punto de encontro de colectivos e individualidades que cuestionan a existencia do exército como institución; tentando manter o debate sobre a súa utilidade e conveniencia, os seus fins e a súa realidade, e denunciando a crecente militarización da sociedade, así como o desproporcionado gasto humano e económico que supón o seu mantemento

+info: www.nonaogastomilitar.org

Podes ingresar na conta: 2080-0046-31-0040026408 (CaixaRouva)
Deixa constancia cal é o colectivo ao que queres destinar a obxección
Se ingresas para outro colectivo, fainolo saber para estimar o número de obxeccións

E como fago?



Só se pode obxectar se a declaración se presenta en papel, e non aceptando o borrador.



Na páxina web atoparás a **información completa** de como tes que facer



Asesoría:

todos os mércores de maio ás 20:30, na 'Cova dos Ratos', Romil 3, Vigo



Se queres **colaborar na campaña**, repartir información, organizar charlas, presentacións... non o dubides, contacta!